

## **ORDENANZA FISCAL Nº 9:**

### **TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS ADMINISTRATIVOS RELATIVOS AO CONTROL SOBRE ACTIVIDADES E APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.**

#### **ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E RÉXIME XURÍDICO.**

No uso das potestades conferidas pola Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dacordo co previsto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola prestación de servizos administrativos de competencia local tendentes á verificación do cumprimento das condicións legais para a apertura de de establecementos, o inicio de actividades ou o seu desenvolvemento, que se regulará pola presente Ordenanza e polo disposto nos artigos 20 a 27 do dito R.D.L. 2/2004, e que respecta as previsións derivadas da Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior da Unión Europea, e na trasposición da devandita disposición ao Dereito interno do Estado Español e da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.**

1.- Constitúe o feito imponible deste tributo a prestación polo Concello da actividade municipal, técnica e administrativa, de control e comprobación a fin de verificar se a actividade realizada ou que se pretenda realizar se axusta ao cumprimento dos requisitos establecidos na normativa sectorial, urbanística e medioambiental de calquera establecemento industrial, comercial, profesional, de servizos, espectáculos públicos ou actividades recreativas, así coma as súas modificacións, xa sexan da actividade ou do titular da mesma, co fin de procurar que os mesmos teñan as condicións de seguridade, salubriedade, medioambientais e calquera outras esixidas polas normas reguladoras das autorizacións e licenzas de instalación e apertura ou funcionamento, ao abeiro das facultades de intervención administrativa establecidas no art. 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

2.- Aos efectos deste tributo, considéranse suxeitos os supostos nos que resulte obrigatoria a solicitude e obtención de licenza de apertura ou actividade, ou a realización da actividade de verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na normativa sectorial cando se trate de actividades non suxeitas a autorización ou control previo, senón a comunicación previa ou declaración responsable, como, entre outros, os seguintes:

a) A primeira instalación dun establecemento ou actividade industrial, comercial, profesional ou de servizos, de espectáculos públicos ou recreativas.

- b) A ampliación de superficie de establecementos con licenza de apertura.
- c) A ampliación de actividade en establecementos con licenza de apertura.
- d) A ampliación de actividade con ampliación de superficie en establecementos con licenza de apertura.
- e) A reforma de establecementos con licenza de apertura, sen cambio de uso.
- f) A reapertura de establecemento ou local, por reiniciar a mesma o titular que obtivo a licenza no seu día, se a licenza non tivese caducado.
- g) Estarán suxeitas á taxa tamén a apertura de pequenos establecementos, as autorizacións temporais de actividade ou apertura para locais ou actividades con ocasión de festas da vila, os que se habiliten para a celebración de festas especiais, os destinados a feiras de mostras, rastros, postos ou análogos.
- h) A posta en coñecemento da administración de calquera modificación dunha actividade que xa realizou a preceptiva declaración responsable, comunicación previa ou precisou licenza de apertura.
- i) O cambio de titular nas actividades nas que xa se realizou a preceptiva declaración responsable ou comunicación previa, tendo tal consideración a posta en coñecemento da administración do devandito cambio por persoa distinta para seguir exercéndoas nun establecemento sempre que tanto a propia actividade, o establecemento donde se desenvolve e as súas instalacións non tiveran sofrido modificacións respecto á desenvolvida polo anterior responsable e consonte á súa declaración, salvo as que expresamente se impoñan por precepto legal.

3.- Entenderase por establecemento toda edificación, instalación ou recinto cuberto, ou ao aire libre, estea ou non aberto ao público, ou que sexa complemento ou accesorio doutro establecemento, ou actividade principal, destinado habitual ou temporalmente ao exercicio de actividades económicas.

### **ARTIGO 3º.- SUXEITOS PASIVOS.**

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, e entidades do art. 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, titulares da actividade que se pretenda desenvolver ou que de feito desenvolvan, en calquera local ou establecemento, cuxa comprobación orixine a retribución da presente taxa, xa sexa previa solicitude de licenza, ou, no seu caso, previa comunicación ou declaración responsable.

### **ARTIGO 4º.- RESPONSABLES.**

En materia de responsabilidade aplicarase, consonte ao previsto no art. 12 do R.D.L. 2/2004, o establecido nos artigos 41 a 43 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no R.D. 939/2005.

### **ARTIGO 5º.- DEIVINDICACIÓN.**

1.- A obriga de contribuir nacerá no momento de se iniciar a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada a devandita actividade:

a) Nos casos suxeitos a licenza municipal, na data de presentación da solicitude, de se presentar a mesma, ou ben, no caso de se iniciar a actividade sen a previa presentación da solicitude, na data de se iniciar a actividade administrativa municipal para determinar se o establecemento reúne as condicións esixibles pola normativa vixente que lle resulte de aplicación.

b) Nos supostos suxeitos a mera comunicación previa ou declaración responsable, no momento no que se inicien os labores de comprobación administrativa para determinar se o establecemento cumpre ou non os requisitos esixidos pola normativa vixente que lle resulte de aplicación, entendéndose que tales labores se teñen iniciado cando se emita o informe técnico ou a acta de comprobación da verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na normativa sectorial que resulte de aplicación.

2.- A denegación da licenza nos supostos nos que sexa esixible non afectará á obriga de contribuir, dado que o feito impoñible se ten realizado igualmente. Do mesmo xeito, nos supostos sometidos a comunicación previa ou declaración responsable, o feito de que, realizada a preceptiva comprobación administrativa, se deba ordear o peche da actividade, a obriga de contribuir existirá igualmente, por se ter realizado o feito impoñible.

3.- No caso de desistimento ou renuncia do interesado en supostos suxeitos a previa licenza, estarase ás seguintes regras:

a) Se se presentase antes de que se teña realizado ningunha tarefa técnica de comprobación, senón tan só as tarefas administrativas básicas de inicio e instrucción do expediente, procederá a liquidación de tan só o 10 % da contía da cota tributaria da taxa, en concepto de custes xa xerados pola tramitación. Se xa se tivese ingresado, procederá a devolución da mesma, que deberá ser solicitada polo interesado no mesmo escrito de desistimento, indicando a conta corrente –cos seus 20 díxitos identificativos- á que realizar a transferencia do importe abonado.

b) Se se realizase antes de ter efectuado trámite algún, agás o rexistro de entrada da documentación, non procederá esixir a taxa, polo que, se xa se tivese ingresado, procederá a devolución da mesma, que deberá ser solicitada polo interesado no mesmo escrito de desistimento, indicando a conta corrente –cos seus 20 díxitos identificativos- á que realizar a transferencia do importe abonado.

4.- No caso de que, presentada comunicación previa ou declaración responsable, o interesado non chegase a iniciar a súa actividade, deberá poñer en coñecemento do Concello, por escrito presentado ao efecto no Rexistro Xeral, o seu desistimento. Para determinar a retribución do tributo estarase ás regras sinaladas no parágrafo anterior, en función do momento da presentación do escrito antedito.

## **ARTIGO 6º. COTAS TRIBUTARIAS: TARIFAS.**

As cotas tributarias determinaranse dacordo coas seguintes tarifas en función do tipo de procedemento de cuxa tramitación se trate:

- a) Tramitación de expedientes suxeitos a comunicación previa sen obras –cambios de titularidade-:..... 90,00 €
- b) Tramitación de expedientes suxeitos a comunicación previa con obras menores –precisen estas licenza ou non-, ou maiores:..... 201,54 €
- c) Tramitación de expedientes suxeitos a declaración responsable –sexa con ou sen obras menores ou maiores-:..... 201,54 €
- d) Tramitación de expedientes sobre licenzas de apertura que non precisen trámite de incidencia ambiental:..... 370,00 €
- e) Tramitación de expedientes sobre licenzas de apertura que precisen trámite de incidencia ambiental:..... 440,00 €
- f) Realización de visitas adicionais de comprobación –por cada unha delas-: 90,00 €

#### **ARTIGO 7º. – BENEFICIOS FISCAIS.**

Dacordo co establecido no art. 9.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, non se recoñece exención ou bonificación algunha, agás que se encontre expresamente prevista en normas con rango de Lei ou se derive da aplicación de Tratados internacionais válidamente ratificados polo Reino de España.

#### **ARTIGO 8º.- NORMAS DE XESTIÓN.**

1.- A liquidación das taxas realizarase seguindo as seguintes normas:

- a) Nos supostos suxeitos a previa licenza, o interesado deberá presentar o xustificante de pagamento da autoliquidación da débeda polo importe que sexa aplicable segundo o art. 6 desta Ordenanza, xunto coa solicitude da licenza. De non se presentar o documento xustificativo do pagamento da autoliquidación, non se procederá á tramitación da solicitude.
- b) Nos supostos de mera comunicación ou declaración responsable, o interesado deberá presentar, xunto coa mesma, xustificante de pagamento da autoliquidación do importe da taxa segundo a tarifa que corresponda á vista do art. 6 desta Ordenanza. De non ser así, a Administración practicará a liquidación unha vez rematados os labores de comprobación administrativa, pola vía de constriximento.
- c) Nos supostos de que, atopándose sometida a actividade ao réxime de comunicación previa ou declaración responsable, sexa precisa máis dunha visita de comprobación, ou máis do informe técnico ordinario no expediente, por non se axustar a mesma á normativa esixible, a Administración practicará unha nova liquidación administrativa polos custes engadidos de tramitación relativos ás visitas de comprobación posteriores orixinadas pola existencia de vicios que requiran subsanación logo da primeira fase de comprobación, consonte ao establecido no apartado f) do art. 6, notificándolla ao interesado.

d) Nos supostos de comunicación de cambios de titularidade, deberase presentar, xunto coa solicitude ou comunicación, xustificante do pagamento da autoliquidación da taxa correspondente.

2.- Cando a Administración Tributaria local teña coñecemento da produción dunha alta no Imposto sobre Actividades Económicas nunha actividade que estea suxeita a licenza, comunicación ou declaración responsable, sen terse producido a solicitude, declaración responsable ou comunicación ao Concello, procederá de oficio ao inicio, de xeito automático, do correspondente procedemento de comprobación tributaria –sexa de xestión ou de inspección-, que será simultáneo ao expediente que se tramite para a verificación do cumprimento das condicións que a normativa sectorial aplicable esixa para o establecemento.

3.- Nos supostos nos que a apertura de negocios ou o inicio das actividades requiran a realización de obras, estarase ao previsto na Ordenanza Fiscal nº 4, reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, no relativo ao tributo polo custe de execución material da obra que conleve a actividade, de habela, e na Ordenanza Fiscal nº 7, reguladora da prestación de servizos administrativos de intervención na realización de obras deste Concello, no relativo ás taxas pola tramitación administrativa da licenza urbanística.

#### **ARTIGO 9º.- RECADACIÓN.**

1.- Os modelos oficiais de autoliquidación serán aprobados por resolución da Alcaldía. Os interesados poderán solicitar a colaboración das unidades administrativas do Concello para a súa cumprimentación.

2.- Nos supostos de liquidación practicada pola Administración Tributaria municipal, unha vez practicada e aprobada, notificarase consonte ao previsto no art. 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e o seu ingreso deberá efectuarse nos prazos sinalados no art. 62.2 da mesma Lei para as débedas liquidadas pola Administración e notificadas directamente aos suxeitos pasivos.

3.- As débedas non ingresadas no período voluntario, serán esixibles pola vía de constriximento. A tal efecto, entenderase que a presentación dunha solicitude de licenza de apertura, comunicación previa ou declaración responsable sen terse efectuado a presentación e o ingreso da autoliquidación correspondente á taxa pola tramitación do expediente, cando ésta resulte esixida segundo as normas do artigo anterior, orixinará o inicio do período executivo, consonte ao previsto no art. 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, salvo que sexan aplicables os recargos do art. 27 da mesma Lei por se presentar o xustificante de pagamento da autoliquidación antes de que se reciba comunicación formal do inicio do período executivo.

4.- Nos supostos de licenzas de apertura nos que, ao tempo de se presentaren as solicitudes, non se acompañara o xustificante do pagamento da autoliquidación correspondente, non se procederá á continuación do expediente até que se xustifique o pagamento das taxas, sen prexuízo do exposto no parágrafo anterior.

## **ARTIGO 10º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

En materia de infraccións e sancións, estarase ao establecido nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, xeral tributaria, e na normativa que a desenvolva.

## **DISPOSICIÓN DERRADEIRA.**

Esta Ordenanza, que derroga a anterior versión vixente da Ordenanza Fiscal nº 9, que regulaba a taxa por licencias urbanísticas, na modalidade de outorgamento de licencias de apertura de establecementos, unha vez sexa aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, entrará en vigor ao día seguinte ao da publicación do anuncio da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

## **DILIXENCIA:**

Aprobación definitiva: Sesión ord. Pleno 29/07/2013. B.O.P. nº 192, do 09/10/2013.

Versión anterior vixente da Ordenanza: Do 01/01/1996 ao 09/10/2013:

Aprobación: Sesión ord. Pleno 02/11/1995. B.O.P. nº 292 do 22/12/1995.

Modificación: Sesión extraord. Pleno 17/11/2000. B.O.P. nº 298 do 30/12/2000.

Modificación: Sesión ord. Pleno 19/11/2001. B.O.P. nº 298 do 31/12/2001:

<<

## **ORDENANZA FISCAL Nº 9**

### **TAXA POLO OUTORGAMENTO DE LICENCIAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.**

#### **ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E RÉXIME.**

No uso das potestades conferidas pola Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dacordo co previsto no artigo 58 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa por licencias urbanísticas, na modalidade de outorgamento de licencias de apertura de establecementos, que se regulará pola presente Ordenanza e polo disposto nos artigos 20 a 27 da dita Lei 39/1988.

#### **ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.**

1. Constitúe o feito imponible deste tributo a prestación da actividade municipal, tanto técnica coma administrativa, tendente a verificar se os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade, salubriedade e calquera outra esixida polas Ordenanzas Municipais ou normas xerais para o seu normal funcionamento, como presuposto necesario e previo para o outorgamento por este Concello da correspondente licenza de apertura.

2. Ós efectos deste tributo, considérase apertura:

- a) A instalación por vez primeira dun establecemento.
- b) Os traslados de locais.
- c) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.

d) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no parágrafo 1 deste artigo, esixindo nova verificación das mesmas.

e) Os trasposos ou cambios de titularidade dos establecementos por calquera causa, agás os cambios de denominación social.

3. Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda edificación habitable, aberta ou non ó público, que non se destine exclusivamente a vivenda e que:

a) Se adique ó exercicio dalgunha actividade empresarial, fabril, artesá, da construción, comercial ou de servizos que estea suxeita ó Imposto sobre Actividades Económicas.

b) Complemente as actividades anteriores, aínda que non se adique ó seu exercicio, ou teña relación coas mesmas de forma que lle proporcionen beneficios ou aproveitamento, coma no caso de delegacións ou sucursais.

### **ARTIGO 3º.- SUXEITOS PASIVOS.**

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así coma as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición, titulares da actividade que se pretenda desenvolver ou que de feito desenvolvan, en calquera local ou establecemento.

### **ARTIGO 4º.- RESPONSABLES.**

En materia de responsabilidade aplicaranse os artigos 37 e seguintes da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.

### **ARTIGO 5º.- RETRIBUCIÓN.**

1. A obriga de contribuir nacerá no momento de iniciarse a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada a devandita actividade na data de presentación da solicitude de licenza de apertura.

2. No caso de facerse a apertura sen licenza previa, o devengo producirase no momento de iniciarse a actividade municipal para determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da instrución do correspondente procedemento administrativo para autoriza-la apertura ou resolve-lo peche do local.

3. A obriga de contribuir non se verá afectada pola denegación da licenza ou o seu otorgamento condicionado á modificación das características do establecemento.

4. No caso de renuncia ou desistimento do solicitante antes de comenza-la actividade administrativa, non se devengará esta taxa.

### **ARTIGO 6º. TARIFAS.**

1. As cotas tributarias determinaranse dacordo coas seguintes tarifas:

a) Licencias de tramitación ordinaria para o exercicio de actividades comerciais, artesanais ou de servizos..... 201,34 € (33.500 ptas)

b) Licencias de tramitación ordinaria para o exercicio de actividades fabrís ou da construción..... 268,65 € (44.700 ptas)

c) Licencias para actividades molestas, insalobres e perigosas e outras de tramitación especial relativas a establecementos comerciais, artesanais ou de servizos..... 335,97 € (55.900 ptas)

d) Licencias para actividades molestas, insalobres, nocivas e perigosas e outras de tramitación especial relativas a establecementos fabrís ou da construción..... 402,68 € (67.000 ptas)

e) Cambios de titularidade ou calquera outro suposto de tramitación que non requira informes técnicos..... 33,66 € (5.600 ptas)

#### **ARTIGO 7º. - EXENCIONS E BONIFICACIONES.**

Non se recoñece exención ou bonificación algunha, agás as expresamente previstas en normas con rango de Lei e as derivadas da aplicación de Tratados internacionais.

#### **ARTIGO 8º.- NORMAS DE XESTIÓN.**

1. As persoas interesadas na obtención dunha licencia de apertura de establecementos presentarán no Rexistro Xeral deste Concello a correspondente solicitude, con especificación da actividade ou actividades que se pretendan desenvolver no local, adxuntando o proxecto técnico e demais documentos esixibles polas disposicións vixentes.

2. Se despois de efectuada a solicitude de licencia de apertura se varía ou amplía a actividade a desenvolver no establecemento ou se alterasen as características do local, estas modificacións deberán poñerse en coñecemento da Administración Municipal.

3. Consideraranse caducadas as licencias se despois de concedidas transcorren máis de tres meses sen se produci-la apertura dos locais ou, despois de abertos, se pechasen novamente por período superior a seis meses consecutivos.

4. Os membros da Policía Local deste Concello poderán esixir en calquera momento o documento que acredite o outorgamento da licencia de apertura e o xustificante do pago da correspondente taxa.

5. Cando a Administración Tributaria local teña coñecemento da produción dunha alta no Imposto sobre Actividades Económicas nunha actividade que estea suxeita a esta licencia, sen terse solicitado a mesma, procederá de oficio ó inicio, de xeito automático, do correspondente procedemento de Inspección Tributaria.

6. Asimesmo, a solicitude da bonificación do Imposto sobre Actividades Económicas por inicio de nova actividade producirá, de xeito automático, o inicio de actuacións de comprobación de oficio sobre do cumprimento do sinalado na presente Ordenanza, dado que esta solicitude usualmente é anterior á notificación pola AEAT das altas trimestrais do dito imposto.

#### **ARTIGO 9º.- RECADACIÓN.**

1. Unha vez concedida a licencia, notificarase a correspondente liquidación, e o seu ingreso deberá efectuarse nos prazos sinalados no R.D. 1684/1990, Regulamento xeral de recadación, para as débedas liquidadas pola Administración e notificadas directamente ós suxeitos pasivos.

2. As débedas non ingresadas no período voluntario, serán esixibles pola vía de constriximento.

#### **ARTIGO 10º.- INFRACCIONS E SANCIONS.**

1.- A calificación das infraccións tributarias e as correspondentes sancións rexiranse polo establecido nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

2.- En particular, constitúe infracción simple:

a) A resistencia, excusa ou negativa ás actuacións da Administración Tributaria Municipal, sexa en fase de xestión, inspección ou recadación deste imposto, concretamente a ocultación maliciosa das actividades desenvolvidas sen licencia, sempre e cando dito tipo non sexa encadrable noutra clase de infracción, unha vez requeridos polos Servicios de Inspección Municipais.

3.- Constitúen infraccións tributarias graves:



a) Deixar de ingresar dentro dos prazos sinalados a totalidade ou parte da débeda tributaria, salvo regularización conforme ó previsto no artigo 61 da Lei 230/1963, xeral tributaria, ou inicio do período executivo sinalado no artigo 127 da mesma Lei.

b) Non presentar, presentar fóra de prazo previo requerimento da Administración Tributaria Municipal ou de forma incompleta ou incorrecta as declaracións ou documentos precisos para que a Administración tributaria poida practicala liquidación deste tributo. Tal é o caso en que se proceda á apertura do local sen ter solicitado a correspondente licencia, solicitude que equivale á declaración, por canto provocará a falla de ingreso da débeda e é precisa para a realización da liquidación.

4.- As infraccións tributarias simples serán castigadas con multa pecuniaria fixa, segundo os criterios contidos no R.D. 1930/1998, que contén o Regulamento do procedemento sancionador en materia tributaria, ou coas sancións adicionais contempladas no mesmo texto e na Lei 230/1963.

5.- As infraccións graves serán sancionadas con multa pecuniaria proporcional, do 50 ó 150 % das contías deixadas de ingresar, sen prexuízo das sancións accesorias que procedan segundo os textos legais anteditos.

6.- As infraccións graduaranse atendendo ás circunstancias seguintes:

a) A comisión repetida de infraccións.

b) A resistencia, excusa ou negativa á acción investigadora da Administración.

c) O uso de medios fraudulentos na comisión da infracción.

d) A ocultación á Administración dos datos precisos para a liquidación.

e) A falla de cumprimento dos deberes formales de colaboración establecidos nesta Ordenanza.

f) A trascendencia que na eficacia da xestión dos tributos dos datos non facilitados.

Os criterios anteriores modularanse segundo o disposto no R.D. 1930/1998, regulador do procedemento sancionador tributario.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL.**

As cotas tributarias fixadas no artigo 6 desta Ordenanza modificaranse anualmente dacordo coa variación do Índice de Prezos ó Consumo que sinale o Instituto Nacional de Estatística. O resultado da aplicación deste índice redondearase sempre por exceso ou por defecto á centena superior ou inferior.

#### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA.**

Esta Ordenanza, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial Provincial.

>>



